

CONVOCATORIA MOBILIDADES ERASMUS+ PROFESORADO CURSO 2023-24

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Convócanse **5 mobilidades de profesorado** enmarcadas no proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000121189 do CMUS Profesional de Vigo para a realización de actividades de *job shadowing* (formación por observación) durante o curso 2023-24 cun dos seguintes centros socios:

- 2 mobilidades ao Conservatorio Arrigo Boito, Parma (Italia)

<https://www.conservatorio.pr.it/>

- 2 mobilidades ao Conservatorio de Música Francisco Rosado, Loulé (Portugal)

<https://conservatoriodeloule.pt/>

- 1 mobilidade ao Conservatorio della Svizzera italiana, Lugano (Suiza) - Mobilidade Internacional

<https://www.conservatorio.ch/it>

As devanditas mobilidades serán mobilidades combinadas, pois, dunha banda, inclúen actividades de mobilidade virtuais e, doutra, actividades presenciais no centro de destino.

2. CONTEXTO

O proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000121189 enmárcase dentro da nosa Acreditación Erasmus+ 2021-1-ES01-KA120-VET-000042901 para o período 2021-2027. Esta Acreditación parte do Plan Erasmus do CMUS Profesional de Vigo, que busca alcanzar os seguintes obxectivos:

1. Mellorar a internacionalización do centro a través da consolidación das actividades de mobilidade e a ampliación da súa rede de relacións institucionais con centros homólogos doutros países.
2. Consolidar a oferta de actividades que permitan coñecer exemplos de boas prácticas en termos de calidade e excelencia educativa e metodoloxías innovadoras e inclusivas dentro do ámbito musical.
3. Promover oportunidades para profesorado e alumnado de desenvolvemento profesional e de acercamento a figuras relevantes do ámbito musical, para mellorar a súa motivación e implicación.
4. Dar resposta ás necesidades da sociedade actual fomentando oportunidades de mellora das competencias dixital e lingüística e promovendo prácticas medioambientalmente sustentables.

Para alcanzar estes obxectivos, o presente proxecto contempla, entre outras actividades, a realización de 5 mobilidades de profesorado con motivo de formación, para actividades de *job shadowing* (observación). Os/as participantes nestas mobilidades enmárcanse en tres perfís:

- Profesorado de materias instrumentais, teóricas ou teórico-prácticas.
- Profesorado relacionado coa xestión: xefes/as de departamento, coordinadores, membros do equipo directivo.
- Profesorado relacionado coa internacionalización do centro: membros do Equipo Erasmus+ e membros do equipo directivo.

3. SOLICITUDES

3.1. Prazo e forma

O prazo de solicitude de participación estará aberto **do 18 de outubro ao 3 de novembro de 2023**, ambos inclusive.

A inscrición realizarase mediante correo electrónico enviado ao seguinte enderezo:

erasmus.cmusvigo@gmail.com

No apartado “Asunto” farase constar o seguinte:

Solicitude participación mobilidades E+ PROFESORADO– Apellidos – Nome

3.2. Erros na solicitude.

Finalizado o prazo de solicitude de participación, publicarase a listaxe provisional de aspirantes. Se existira algún erro na presentación das solicitudes, os/as aspirantes disporán de dous días hábiles para a súa corrección, presentando ás alegacións ao mesmo enderezo electrónico.

3.3. Listaxe definitiva de aspirantes.

Tras o prazo de subsanación de erros, publicarase a listaxe definitiva de aspirantes ás mobilidades aquí convocadas.

4. SELECCIÓN

A selección realizarase a partir da valoración dun concurso de méritos e dunha carta de presentación/motivación presentada por cada participante, tal como se recolle no Anexo 2 da presente convocatoria, podendo alcanzar ata unha puntuación máxima de 20 puntos. No caso de empate, o criterio de desempate será a maior puntuación no apartado A dos méritos alegados. De coincidir as puntuacións, continuarase comparando a puntuación do seguinte apartado (apartado B). De persistir o empate, revisaranse cada un dos diferentes apartados na orde na que aparecen, desempatando aquel criterio que non sexa coincidente e obteña a maior puntuación.

4.1. Comisión de Selección

A selección será levada a cabo por unha Comisión de Selección composta polos seguintes membros:

- Dúas persoas pertencentes ao Equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Vigo:
 - A Coordinadora Erasmus+ Sara Peral Hernández ou persoa en quen delegue.
 - Baldomero Barciela Varela ou persoa en quen delegue.
- Un profesor/a escollido polo claustro do CMUS Profesional de Vigo.

Para garantir a súa imparcialidade, os membros da Comisión de Selección non poderán ser candidatos ás mobilidades.

A composición final da Comisión de Selección publicarase con anterioridade ao proceso de selección dos participantes.

A Comisión de Selección garantirá o cumprimento dos principios do Programa Erasmus+ de equidade, igualdade e non discriminación. O proceso quedará documentado e informarase do mesmo ás partes implicadas.

4.2. Procedemento de selección

A Comisión de Selección, unha vez analizados e valorados os méritos aportados polos solicitantes e as cartas de presentación/motivación, publicará as puntuacións ordenadas

de maior a menor. Resultarán seleccionados aqueles participantes con número de orde igual e inferior ao número de mobilidades convocadas. A listaxe de reserva comezará a partir do aspirante que quede na sexta posición, respectando a orde de puntuación.

Nun primeiro momento, publicaranse as listaxes provisionais, abrindo un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións ante posibles erros ao mesmo enderezo electrónico de Erasmus do CMUS. Transcorrido o devandito prazo, publicaranse as listaxes definitivas coa resolución, de ser o caso, das posibles reclamacións.

Todas as publicacións realizaranse no taboleiro Erasmus+ do CMUS Profesional de Vigo e darase publicidade das mesmas no Blog Erasmus+ (<https://erasmus.cmusvigo.gal>).

A elección do destino das mobilidades levarase a cabo nunha reunión dos aspirantes seleccionados e en reserva e realizarase por orde de puntuación, podendo o Equipo Erasmus+ realizar recomendacións en función do perfil específico do participante.

5. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN

5.1. Requisitos xerais:

Ser profesor/a en activo do CMUS Profesional de Vigo no presente curso 2023-2024 e **impartir docencia no Grao Profesional**.

5.2. Requisitos específicos:

Achegar a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude de participación (Anexo 1)
- Certificado que faga constar que se están prestando servizos activos no CMUS, expedido por Persoal Secundaria ou polo propio CMUS.
- CV Europass no que se reflectan os méritos alegados para a presente convocatoria (no caso de dúbidas neste aspecto, consultar o Blog Erasmus+).
- Carta de presentación/motivación Europass (no caso de dúbidas neste aspecto, consultar o Blog Erasmus+).
- Folla de autobarefacción (Anexo 3) cumprimentada.
- Méritos alegados.

Seguindo o exemplo doutras institucións (como o SEPIE) en relación a prácticas sustentables que permitan reducir o consumo de papel, a documentación enviarase en formato dixital mediante correo electrónico de solicitude de participación.

A Comisión de Selección e/ou o Equipo Erasmus+ poderá requirir ás persoas seleccionadas para as mobilidades os documentos orixinais dos méritos alegados.

6. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA ÁS MOBILIDADES

Con anterioridade á realización das mobilidades, os/as participantes asinarán e recibirán a seguinte documentación en relación ás súas mobilidades:

- Convenio de subvención entre o CMUS e o/a participante, no que se define a axuda financeira e o marco xurídico da mobilidade.
- O Acordo de aprendizaxe, no que se definen as condicións nas que se leva a cabo a actividade de mobilidade e os resultados de aprendizaxe previstos. Será asinado con anterioridade á mobilidade polas tres partes implicadas: participante, CMUS e centro de destino.

7. DURACIÓN DAS MOBILIDADES

7.1. Mobilidades a Italia:

Cada unha das dúas mobilidades ao Conservatorio Arrigo Boito, Parma (Italia) terá unha duración de 7 días: 5 días para as actividades de job shadowing, máis 2 días para a viaxe (o día anterior ao comezo das actividades de mobilidade e o posterior ao día de finalización das mesmas).

7.2. Mobilidades a Portugal:

Cada unha das dúas mobilidades ao Conservatorio Conservatorio de Música Francisco Rosado, Loulé (Portugal) terá unha duración de 7 días: 5 días para as actividades de job shadowing, máis 2 días para a viaxe (o día anterior ao comezo das actividades de mobilidade e o posterior ao día de finalización das mesmas). No caso destas mobilidades, teñen a particularidade de que están indicadas como viaxe ecolóxico. Polo tanto, os/as participantes deberán usar os medios de transporte ecolóxicos promovidos e indicados polo Programa Erasmus+: autobús, tren ou coche compartido.

7.3. Mobilidade a Suíza:

A mobilidade ao *Conservatorio della Svizzera italiana*, Lugano (Suíza) terá unha duración de 7 días: 5 días para as actividades de job shadowing, máis 2 días de viaxe (o día anterior ao comezo das actividades de mobilidade e o posterior ao día de finalización das mesmas).

8. AXUDAS FINANCIERAS

O profesorado seleccionado para as mobilidades recibirá as seguintes axudas:

- Viaxe: esta axuda para a viaxe total (ida e volta) está determinada en función da distancia ó destino:
 - Para as actividades de mobilidade en Italia: 275€/participante.
 - Para as actividades de mobilidade en Portugal: 320€/participante.
 - Para as actividades de mobilidade en Suíza: 275€/participante.
- Apoio individual: axuda para os gastos de dietas e estadía, que depende do país de destino e da duración da mobilidade.
 - Para as actividades de mobilidade en Italia corresponden 104€/día.
 - Para as actividades de mobilidade en Portugal corresponden 104€/día.
 - Para a actividade de mobilidade en Suíza corresponden 117€/día.

Antes da mobilidade, xirarase o 70% da cantidade total correspondente para cada participante, recibindo o 30% restante con posterioridade á mobilidade (supeditado ao cumprimento dos requisitos e acordos previamente asinados). As devanditas porcentaxes aparecerán no correspondente Convenio de Subvención a asinar con anterioridade ás mobilidades.

9. PREPARACIÓN PREVIA E ACTIVIDADES DE MOBILIDADE VIRTUAIS

Antes das mobilidades, entre os meses de decembro 2023 e febreiro de 2024 (dentro da Fase 2 de implementación do proxecto), realizaranse diversas actividades de preparación para os participantes nas mobilidades, así como as actividades correspondentes á parte da mobilidade virtual.

A preparación é de carácter obrigatorio para os participantes seleccionados, sendo opcional, pero recomendable, para os aspirantes en reserva.

A preparación consistirá en:

- Charla informativa sobre cuestións prácticas e loxísticas relacionadas coa mobilidade e a viaxe: recomendacións sobre equipaxe, tarxeta sanitaria europea, seguro obrigatorio, documentación... así como cuestións relacionadas co plano

intercultural: charla informativa sobre os aspectos máis relevantes da vida e a cultura dos países de acollida.

- A nivel lingüístico, aínda que non é requisito coñecer a lingua do país, si é necesario que o participante teña competencia comunicativa, ben no idioma do país ou ben en inglés ou calquera outro idioma que permita a comunicación no destino e o aproveitamento da estadía. Por iso, valórase positivamente este aspecto nos méritos a alegar para a elección dos aspirantes. Ademais, ofrecerase unha formación básica nos idiomas italiano, portugués e inglés. En caso de aportar certificado superior ao B1 do idioma do país ou de inglés, a asistencia a esta formación non será obrigatoria, aínda que si recomendable.
- En relación á Prevención de Riscos, os participantes deberán asistir á formación en materia de Prevención de Riscos promovida polo Equipo Erasmus+ con anterioridade ás mobilidades. De ter xa realizada esta formación ou similar, poderá non ser obrigatoria. Estes casos deberán xustificarse documentalmente ao Equipo Erasmus+, quen informará ao participante da necesidade ou non da realización desta formación.
- As actividades de mobilidade virtuais facilitarán o contacto inicial co profesorado implicado nas actividades a desenvolver durante a estadía. Estas actividades virtuais, ademais, poderán versar, entre outras cuestións, sobre o uso das TIC no centro de destino ou as medidas sustentables que o centro desenvolve.

10. ACTIVIDADES DE MOBILIDADE E SEGUIMIENTO

Entre febreiro e abril de 2024, no período acordado entre todas as partes implicadas, levaranse a cabo as mobilidades. Durante as mesmas, os/as aspirantes realizarán o plan de actividades de *job shadowing* previamente consensuado no Acordo de aprendizaxe. As actividades poderán incluír asistencia a clases (clases de instrumento, clases teóricas...), asistencia a diferentes reunións, asistencia a outras actividades académicas (audicións, concertos, recitais...), entre outras.

Durante as citadas mobilidades, levarase a cabo un seguimento para velar polo correcto desenvolvemento do Acordo de aprendizaxe e, no caso de ser necesario, poder introducir as medidas de mellora pertinentes. Este seguimento realizarase tanto dende o CMUS Profesional de Vigo (por parte do Equipo Erasmus+), como no centro de destino (persoa responsable de titorizar a mobilidade, elixida polo centro de acollida).

11. ACTIVIDADES POSTERIORES ÁS MOBILIDADES

Finalizadas as mobilidades (previsiblemente a partir de maio de 2024), na Fase 3 de implementación do proxecto, os/as participantes deberán realizar as seguintes tarefas:

- Cumprimentar a Enquisa do Participante EU Survey (enquisa do Programa E+).
- Realizar a avaliación da mobilidade. O Equipo Erasmus+ facilitará unha rúbrica de avaliación.
- Elaborar unha memoria da mobilidade que incluírá, entre outros aspectos, as experiencias vividas durante a mobilidade, reflexións e suxestións de mellora para incorporar no CMUS Profesional e en futuros proxectos de mobilidade Erasmus+. O Equipo Erasmus+ entregará un modelo para esta memoria.
- Incluír a súa participación no programa Erasmus+ na súa memoria individual de fin de curso, reflectindo os posibles aspectos de mellora observados que poidan ser de aplicación ao CMUS.

- Asistir á reunión de participantes nas mobilidades na que compartir a experiencia, reflexións, suxestións...
- Participar nas actividades de diseminación organizadas polo Equipo Erasmus+ do CMUS Profesional ou por outras organizacións (CAFI, SEPIE...).

12. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NAS MOBILIDADES

O profesorado participante nas mobilidades comprométese a cumprir cos seguintes requisitos:

- Asinar a autorización para a diseminación de imaxes.
- Ter a Tarxeta Europea Sanitaria e seguro obrigatorio para a viaxe.
- Cumprir coas normas sanitarias COVID vixentes, na viaxe e na estadía.
- Asinar o Convenio de Subvención co CMUS e o Acordo de aprendizaxe co CMUS e o centro de acollida socio.
- Comunicar calquera problema ou cambio relacionado coa estadía.
- Cumprimentar a Enquisa do participante EU Survey.
- Realizar a avaliación da súa mobilidade.
- Elaborar a memoria de mobilidade.
- Asistir á posterior reunión de participantes nas mobilidades.
- Participar nas actividades de diseminación do Proxecto organizadas tanto dende o Equipo Erasmus+ do CMUS como doutras organizacións (CAFI, SEPIE...).

13. RECOÑECIMIENTO DA PARTICIPACIÓN

Os/as participantes nas mobilidades recibirán os seguintes recoñecementos das mesmas:

- Certificado de estadía por parte do centro de destino (ao finalizar a mobilidade).
- Certificado de Mobilidade Europass (á volta da mobilidade)
- Ademais, o Equipo Erasmus+ do CMUS, unha vez rematado a proxecto con data posterior ao 31 de agosto de 2024, xestionará a solicitude de recoñecemento como horas de formación permanente de profesorado a participación no programa Erasmus+, segundo recóllese na RESOLUCIÓN do 23 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o recoñecemento, a certificación e o rexistro da participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente de profesorado. Tal como recolle o Anexo II desta Resolución, para a formación recibida nun período de observación recoñécense 5 horas por día lectivo ata un máximo de 100 horas.

14. PUBLICIDADE

Toda a información relativa á presente convocatoria e ao proceso de selección dos participantes será publicada no taboleiro Erasmus+ do CMUS Profesional de Vigo.

Ademais, darase publicidade no Blog Erasmus+ do centro:

<https://erasmus.cmusvigo.gal>

15. DISPOSICIÓNS FINAIS

A participación na presente convocatoria de mobilidades Erasmus+ supón a aceptación das súas bases.

Todo caso non previsto nas presentes bases será resolto polo Equipo Erasmus+ e/ou a

Comisión de Selección, publicando nos medios aquí indicados as decisións que se adopten.

En Vigo, 16 de outubro de 2023

A Coordinadora Erasmus+
Sara Peral Hernández

O proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido deste documento é responsabilidade exclusiva do CMUS Profesional de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) son responsábeis do uso que poida facerse da información aquí difundida.